

## CERTIFICADO DE SECRETARÍA

M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas Secretaria acctal., do Excmo Concello da Estrada, do que é Alcalde D. José C. López Campos, **CERTIFICO** que, pola Alcaldía dictouse o Decreto nº 2017-1542 de data 21 de decembro que a continuación se transcribe:

“Vista a proposta da Alcaldía relativa á adxudicación do contrato do subministro de “EQUIPAMENTO DO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP NO CONCELLO DA ESTRADA”.

Visto o expediente tramitado para a contratación do subministro de “EQUIPAMENTO DO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP NO CONCELLO DA ESTRADA”

Visto que dentro do prazo concedido presentaron ofertas as seguintes empresas:

- MANTEN S.L.(CIF B 36938827)
- MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L. (CIF B 15143258)
- SAVA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L. (B70370846)
- GRUPO CONTACT FITNESS S.L. (B98145063)
- BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L. (B 73591109)

-Visto que a plica da empresa EXERCYCLE S.L., (con CIF B01029032) foi presentada na Oficina de Correos e comunicado ao departamento de Secretaría Municipal, mediante fax o día 6 de outubro en vez de o día 5 que era o último para a súa presentación, procede a súa exclusión deste procedemento.

-Vistas as proposicións formuladas polos licitadores admitidos.

-Vistas as actas das reunións da Mesa de Contratación que tiveron lugar os días 11 e 26 de outubro, 6 de novembro e especialmente a celebrada o día 20 de novembro na que se produxo a clasificación de ofertas e a consecuente proposición para que esta Alcaldía realizara Proposta de Adxudicación.

-Visto que a empresa MANTÉN S.L., foi a que obtivo a maior puntuación.

-Visto que presenta a inscrición da indicada empresa no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, o cal, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen esta licitación, considérase suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro de apoio aos emprendedores) así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

Vista a fiscalización da Intervención Municipal de data 21/12/2017.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 682 de 15 de xuño de 2015.

Visto o sinalado no artigo 10 da Lei 40/2015 no relativo á avocación de competencias,

### RESOLVO:

- 1º- Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.
- 2º.-Inadmitir á empresa EXERCYCLE S.L., (CIF B01029032) por presentar a súa plica fóra do prazo de presentación de ofertas.
- 3º- Adxudicar o contrato do subministro de “EQUIPAMENTO PARA O XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP NO CONCELLO DA ESTRADA”, por importe de 81.977,50 euros (IVE incluído), á empresa MANTÉN S.L., con CIFB-36938827 con

endereço en Ctra. De Madrid 150 (km.5), 36318 Vigo, con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

4º.-Unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación, requirirase ao adxudicatario para que, nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, formalice o correspondente documento contractual.

5º- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.”

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Alcalde

A Secretaria acctal.,

(documento asinado dixitalmente á marxe)